

**ANUNCIO do 6 de setembro de 2023, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común de Valoscuro, Reboleira e A Hermita, concello das Nogais (Lugo). Expediente 2023\_7DES.**

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de **deslindamento do monte veciñal en man común de Valoscuro, Reboleira e A Hermita** con propiedades particulares, presentada o 7.7.2023 e 11.7.2023 pola comunidade de Vilaicente, propietaria do monte.

Con data 5.9.2023 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable relativo a esta proposta.

Contra o deslindamento proposto, no **prazo dun mes**, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo, sito na rolda da Muralla, 70, baixo 2º, de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta.

Lugo, 6 de setembro de 2023

Mª Olga Iglesias Fontal  
Xefa territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo

